

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS

- Día: Martes 4 de outubro de 2022
- Lugar: Sala X3.2 (ETSE) + MS Teams
- Hora de inicio: 13:00 h
- Asistentes: Adrián Carpente Viqueira, Julia González Álvarez, Trinidad de Miguel Bouzas, María Teresa Moreira Vilar, Anuska Mosquera Corral, María del Carmen Palacios Oubiña, Héctor Rodríguez Martínez, Ana M. Soto Campos.
- Escusan a ausencia: Cristina Díaz Jullien, Eva Rodil Rodríguez.

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 28-7-2022.
2. Ratificación da aprobación de defensa dun TFM en modalidade telemática.
3. Informes.
4. Propostas abertas de TFM formuladas por profesorado do Departamento de Enxeñaría Química para o curso 2022-2023.
5. Recoñecemento da materia “Prácticas en empresa” por experiencia profesional.
6. Acta consolidada de TFM 2021-2022.
7. Acta consolidada de “Prácticas en empresa” 2021-2022.
8. Resultados da enquisa (interna da ETSE) a alumnado de nova incorporación do MEQB no curso 2022-2023.
9. Asuntos de trámite.
10. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 28-7-2022.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Ratificación da aprobación de defensa dun TFM en modalidade telemática.

O alumno Ignacio Zurano Villasuso solicitou realizar a defensa do seu traballo de TFM, programada para o 6 de setembro, por medios telemáticos, alegando que actualmente se atopaba traballando en Valencia e que, dadas as circunstancias deses días na súa contorna laboral, a empresa non lle permitía dispoñer dos días libres necesarios para o desprazamento e defensa presencial en Santiago. A Comisión aprobou, polo procedemento de urxencia con data 1-9-2022, a realización desta defensa de TFM en modo telemático por videoconferencia (empregando Microsoft Teams).

Ratifícase por asentimento esta aprobación realizada polo procedemento de urxencia.

3. Informes.

3.1) Defensa de TFM, convocatoria de setembro de 2022.

O 6 de setembro de 2022 celebráronse as defensas dos 6 TFMs presentados á convocatoria de setembro de 2022, en modalidade presencial, coa única excepción dunha defensa que se realizou en modalidade telemática utilizando a plataforma MS Teams, tras previa autorización por parte da Comisión. A constitución final dos tribunais avaliadores foi:

- Tribunal 1: Juan Casares, Cristina Díaz, Marta Carballa (3 TFMs).
- Tribunal 2: Gumersindo Feijoo, Sonia Freire, Cristina Díaz (1 TFM).
- Tribunal 3: Gumersindo Feijoo, Sonia Freire, Juan Garrido (2 TFMs).

3.2) *Matrícula de novo ingreso no curso 2022-2023.*

Para este curso 2022-2023 ofertábanse 25 prazas no MEQB. Cubríronse as 2 prazas ofertadas na matrícula anticipada para alumnado de fóra do EEES; e, das dez prazas reservadas para os convenios de dobre título con universidades chilenas, cubríronse 9. Adicionalmente houbo outras 15 matrículas, tras conversar co Servizo de Xestión Académica e aplicar a flexibilización permitida de incrementar ata un 10 % as prazas ofertadas. Así, totalizouse un total de 26 estudantes de novo ingreso, se ben unha alumna matriculada a través da Oficina de Apoio ó Refuxiado da USC non fixo acto de presenza no que vai de curso.

3.3) *Resolución da convocatoria 2022 de mencións de excelencia a másters do SUG.*

No DOG de 23 de setembro de 2022 publicouse a “Resolución do 15 de setembro de 2022 pola que se concede a mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster impartidas polas universidades do Sistema universitario [sic] de Galicia no curso académico 2021/22”, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia. Na listaxe de mestrados ós que se concede a mención de excelencia nesta resolución non figura, lamentablemente, o MEQB. A resolución non inclúe ningún tipo de puntuación total ou puntuacións parciais outorgadas nos diferentes apartados avaliados a cada un dos mestrados candidatos, nin ofrece detalle sobre os criterios aplicados en cada un deses apartados.

3.4) *Enquisa de inserción laboral a alumnado egresado dos últimos cursos do MEQB.*

Onte, 3 de outubro, enviouse desde a Dirección da ETSE a enquisa de inserción laboral a alumnado egresado do MEQB; concretamente a 42 persoas egresadas entre os cursos 2016-2017 e 2020-2021, ambos incluídos, para as cales se conta co permiso para este tipo de comunicacións desde a ETSE.

4. Propostas abertas de TFM formuladas por profesorado do Departamento de Enxeñería Química para o curso 2022-2023.

Con data 22-9-2022 solicitóuselle ó profesorado do Departamento de Enxeñería Química, a través da súa secretaría administrativa, a achega de propostas de TFM para o curso 2022-2023. Recibíronse as 11 propostas recollidas na táboa:

Título	Titor(a/es/as)	Observacións
Análise da circularidade en biorrefinerías	María Teresa Moreira Vilar	
Cinéticas de secado e isothermas de desorción de auga del escarabajo de la harina (<i>Tenebrio molitor</i>)	Ramón Moreira Martínez, Daniel Franco Ruiz (cot.)	

Conversión dirixida de hemicelulosa e celulosa a ácidos graxos volátiles mediante cambios de pH	Miguel Mauricio Iglesias, Marta Carballa Arcos (cot.)	Realizarase unha entrevista persoal previa á selección da persoa candidata
Desvelando o perfil medioambiental do tratamento de microcontaminantes mediante enzimas magnéticas inmobilizadas	María Teresa Moreira Vilar	
Estudio del proceso de lixiviación de metales escasos y valiosos de residuos electrónicos	Julia González Álvarez, Diego Gómez Díaz (cot.), Sonia Freire Leira (cot.)	Se realizará entrevista en caso de ser necesario
Evaluación de la actividad fotocatalítica de nanocomposites de magnetita-dióxido de titanio dopado con nanoclústeres de prata	María Teresa Moreira Vilar	
Mellora da procesabilidade de celulosa mediante pretratamento con disolucións orgánicas de electrólito	Héctor Rodríguez Martínez, Ana Soto Campos (cot.)	
<i>Preliminary analysis of processes to produce biodegradable fishing nets</i>	<i>Pastora Bello Bugallo, Vaisakh Yesodharan (cot.)</i>	
Producción de oleogees a partir de aceites vegetales e hidrocoloides	Ramón Moreira Martínez, Jorge Sineiro Torres (cot.)	
Solubilidad de aminoácidos en líquidos iónicos y sus mezclas acuosas	Eva Rodil Rodríguez, Ana Soto Campos (cot.)	
Valorización de efluentes da industria conserveira mediante extracción con sistemas de dúas fases acuosas	Óscar Rodríguez Figueiras, Ana Soto Campos (cot.)	

A Comisión decide aprobar todas as propostas salvo a presentada por Pastora Bello e Vaisakh Yesodharan, que se entregou sen acompañar o pertinente cronograma no modelo de proposta e non foi emendada en prazo tras comunicarlle a referida deficiencia á profesora proponente.

5. Recoñecemento da materia “Prácticas en empresa” por experiencia profesional.

A alumna Icíá Carballo Garrido solicita o recoñecemento da materia “Prácticas en empresa” en base á súa experiencia profesional como bolsreira FEUGA no departamento de I+D da empresa CEAMSA (O Porriño), no período que vai do 16-5-2022 ó 15-8-2022 (tres meses), en xornada completa e incluíndo tarefas como as seguintes: colaboración no desenvolvemento de novas fibras cítricas a partir de casca e residuos de cítricos; e colaboración no desenvolvemento de fariñas e fibras de algas e a súa validación en aplicacións alimentarias.

Apróbese por asentimento este recoñecemento.

6. Acta consolidada de TFM 2021-2022.

Con data 28-9-2022, abriuse a acta consolidada de Tráballo Fin de Máster do curso 2021-2022. En vista das cualificacións numéricas obtidas polas persoas que o defenderon nas diferentes convocatorias do curso 2021-2022, así como do número de matrículas de honra adxudicables, acórdase conceder a cualificación de Matrícula de Honra a dona Javiera F. Gutiérrez Espinoza,

posuidora da cualificación numérica máis alta (9,4). A Comisión decide igualmente propoñer o seu TFM para a publicación en aberto no repositorio institucional Minerva.

7. Acta consolidada de “Prácticas en empresa” 2021-2022.

Con data 28-9-2022, abriuse a acta consolidada de Prácticas en Empresa do curso 2021-2022. En liña coa decisión dos cursos académicos anteriores, esta Comisión acorda non outorgar ningunha matrícula de honra nesta materia no curso 2021-2022.

8. Resultados da enquisa (interna da ETSE) a alumnado de nova incorporación do MEQB no curso 2022-2023.

Realizouse unha enquisa interna ó alumnado do MEQB de nova incorporación no curso 2021-2022. A participación nesta ocasión foi bastante elevada: 23 respostas recibidas de 26 posibles.

Os datos máis salientables que se poden extraer da análise dos resultados son os seguintes:

- Hai unha elevada porcentaxe de alumnado de fóra de España (48 % de acordo coas persoas que responderon á enquisa, que en realidade é un 46 % se se ten en conta o universo total de alumnado de novo ingreso).
- A gran maioría do alumnado non estranxeiro procede de Galicia (nomeadamente das provincias de A Coruña e Pontevedra) e o seu título de acceso foi o GrEQ da USC. Só hai un caso de estudante procedente doutras comunidades autónomas de España.
- A cualificación media da titulación de acceso está comprendida entre 6,7 e 9,0 no 91 % dos casos. (Só houbo dúas respostas indicando unha nota inferior fóra dese rango: 6,0 e 6,2.)
- As fontes de información nas que se obtiveron coñecementos sobre o máster foron moi maioritariamente “comentarios de outras persoas” (67 %) e “a través de charlas” (67 %). A opción “a través de internet” (48 %) sería a seguinte, citando como webs utilizadas a da USC e a propia do máster (ETSE). Cunha porcentaxe claramente menor atópase “a través de folletos ou anuncios” (5 %). Estas porcentaxes dan continuidade, cualitativamente, ó que xa se observara na enquisa do ano anterior. A distribución porcentual reproducécese aproximadamente na pregunta sobre cales entenden as persoas enquisadas que serían as mellores fontes de información para obter coñecemento sobre o máster.
- Dentro das fontes mellores para obter información a través de internet sobre o máster, as respostas maioritarias fan referencia a redes sociais e a páxina web da USC/ETSE. Algunhas respostas mencionan o interese que podería ter a visibilización da experiencia/opinión de persoas egresadas do máster.
- Respecto da impresión inicial que lles causou o máster, un 67 % opta por “nivel alto: pode ser moi interesante” e un 29 % por “nivel medio”. Estas porcentaxes van en liña coas obtidas na enquisa do ano anterior.
- Dentro de diferentes aspectos do máster (prácticas de laboratorio, prácticas externas, profesorado multidisciplinar...), o que recibiu unha porcentaxe superior con valoración de importancia “moi alta” ou “alta” foi o ítem de prácticas externas obrigatorias (95 %), seguido das visitas técnicas (90 %).
- Nunha valoración análoga para os módulos do máster, destaca o módulo 5a (Prácticas en empresa) cunha importancia “moi alta” para o 75 %, e “alta” para un 20 % adicional. O seguinte

sería o módulo 2, cunha valoración “moi alta” para o 40 % e “alta” para o 45 %. Isto mantén as opinións que xa se recolleran na enquisa do ano pasado.

- Os obxectivos tras acabar o máster apuntan fundamentalmente a traballar nunha empresa (100 % “moi alto” ou “alto”), seguido a moita distancia por traballar en investigación (45 % “moi alto” ou “alto”). As porcentaxes equivalentes para traballar no sector da educación, traballar na administración ou traballar como autónomo son do 25 %.
- Un 50 % considera ter un nivel de inglés medio, mentres que é un 45 % o que indica un nivel alto ou moi alto.
- Respecto de diversas afirmacións sobre o máster, estas son as porcentaxes correspondentes á suma das categorías “de acordo” e “moi de acordo”:
 - Este máster ten unha imaxe de calidade: 100 %
 - Os medios dispoñibles na ETSE (aula, laboratorios, biblioteca...) son de alta calidade: 80 %
 - A información sobre as actividades académicas é clara: 75 %
 - Participación de conferenciantes de empresa: 75 %
 - O acto de benvida e presentación foi claro e útil: 75 %
 - A existencia de materias impartidas en inglés é moi importante: 53 %
 - Existencia de materias optativas en inglés: 45 %
 - A distribución dos contidos en módulos ó longo do curso é un acerto: 45 %

9. Asuntos de trámite.

Non hai asuntos que tratar.

10. Rolda aberta de intervencións.

En relación ás dúbidas que pode suscitar a avaliación de alumnado do MEQB con discapacidade (aínda que non conste formalmente ningunha petición por parte do alumnado neste senso para unha avaliación diferenciada), a Xestora da ETSE comenta que existe na USC un documento que explicita medidas dirixidas a estudantes con necesidades específicas de apoio educativo co obxecto de conseguir garantir a súa integración na USC en igualdade de condicións. O Coordinador pasaralle este protocolo, de momento, ó profesorado do Módulo 1, para que o poidan ter como referencia se entenden que procede algún tipo de medida a este respecto.

Sendo as 13:50 h, conclúe a reunión.

En Santiago de Compostela, a 4 de outubro de 2022.

Héctor Rodríguez – Coordinador do MEQB